

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 1º BACHARELATO  
MATERIA: COEDUCACIÓN PARA O SÉCULO XXI  
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA  
DATA: 7 DE ABRIL DE 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1º avaliación:</b> Realizarase unha proba escrita de avaliación que suporá o 80% da cualificación.</p> <p>O 20% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección das actividades.</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</b> Antes do remate do curso os alumnos que teñan a 1ª avaliación suspensa realizarán unha proba escrita de recuperación; esta computará na nota final seguindo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p>
<b>2º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 2º avaliación:</b> Realizarase unha proba escrita de avaliación que suporá o 80% da cualificación.</p> <p>O 20% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección das actividades.</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</b> Antes do remate do curso os alumnos que teñan a 2ª avaliación suspensa realizarán unha proba escrita; esta computará na nota final seguindo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p>
<b>3º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3º avaliación:</b> A nota da 3ª avaliación derivará, nun 80% da realización dun Proxecto Coeducativo, que será cualificado mediante unha rúbrica baseada nos elementos curriculares da parte correspondente ao proxecto coeducativo establecidos na <i>Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase o seu currículo e oferta.</i></p> <p>O 20% restante obtense a través da valoración do traballo do alumno ao longo do curso, así como do grao de interese e implicación na materia. A valoración do traballo do alumnado realizarase a través de métodos obxectivos de corrección das actividades.</p> <p><b>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</b> Antes do remate do curso os alumnos que teñan a 3ª avaliación suspensa realizarán unha proba escrita; esta computará na nota final seguindo os criterios establecidos na Programación Didáctica.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b> A nota da avaliación ordinaria, en primeira instancia, derivará da media aritmética das tres avaliacións. Será necesario ter unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións para obter un resultado positivo na cualificación final. En consecuencia, aínda posuíndo unha cualificación superior a partir da media aritmética, a nota cualificación amosará un 4.</p>

<b>Proba extraordinaria para BAC</b>	<p>Consistente en:</p> <p>Realización dunha proba escrita de avaliación.</p> <p>Contemplantase a posibilidade de, se unha alumna/o ten dúas avaliacións con cualificación igual ou superior a 5, examinarse dos contidos asociados ás Unidades Didácticas da avaliación suspensa.</p>
--------------------------------------	---

<b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>Ao finalizar a avaliación ordinaria o grupo dividirase en dúas seccións:</p> <p>a) Grupo de ampliación, formado polo alumnado que obtivo unha cualificación positiva na avaliación ordinaria.</p> <p>b) Grupo de recuperación. As súas actividades centraranse na preparación da proba escrita de avaliación extraordinaria estipulada no apartado 1 deste mesmo documento.</p>
<b>Actividades tipo</b>	<p>a) O grupo de ampliación realizará unha serie de actividades en relación co cine histórico, podendo escoller entre unha listaxe de filmes.</p> <p>b) O grupo de recuperación centrará as súas actividades na preparación da proba extraordinaria, seguindo o modelo de actividades establecido no apartado 1 do presente documento (análise e comentario de distintos textos, recortes de prensa, gráficos, mapas históricos; resumos dos temas estudados; traballos de investigación; elaboración de definicións propias, etc.).</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Apuntamentos elaborados polo docente.</p> <p>Fichas de traballo e materiais temáticos elaborados polo docente.</p> <p>Recursos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca.</p>